



1. CARACTERÍSTICAS DO PERFIL DE AUTOMEDICIÓN DA PRESIÓN ARTERIAL (AMPA)

1.1. Criterios de inclusión

Criterios xerais
-Pacientes ≥ 15 anos. -Pacientes que aceptaron a inclusión no programa despois de ter sido informados. A aceptación debe quedar rexistrada. -Accesibilidade aos recursos tecnolóxicos necesarios. É preciso que o paciente dispoña dun teléfono móbil e de ordenador (PC)/tablet con conexión a Internet. -Pacientes con coñecemento (aínda que sexa básico) das ferramentas necesarias para a telemonitorización, ou ben que teñan un coidador que poida darlles o soporte preciso para a súa utilización e para rexistrar/transmitir a información.
Criterios específicos
-Pacientes con algunha das seguintes indicacións clínicas: • Sospeita de hipertensión arterial (HTA) de bata branca. • Sospeita de HTA enmascarada. • Variabilidade acusada da presión arterial durante a mesma consulta ou en varias consultas. • Hipotensión autonómica, postural, posprandial, despois da sesta ou inducida por fármacos. • Presión arterial alta na consulta ou sospeita de preeclampsia en mulleres embarazadas. • Identificación de hipertensión arterial resistente verdadeira e falsa. • Identificación de hipertensión clínica illada. • Confirmación do diagnóstico de hipertensión arterial de grao 1. -Ademais é necesario que os pacientes dispoñan de tensiómetro dixital.

1.2. Biomedidas

Presión arterial	
Periodicidade	Diariamente entre 5 e 7 días consecutivos (por defecto 7 días). O paciente realizará automedición da presión arterial, pola mañá (entre as 07:00 horas e as 10:00 horas) e pola noite (entre as 19:00 horas e as 22:00 horas).
Condições	-Fará 2 medidas de presión arterial aproximadamente cada 12 horas, con 1-2 minutos de espera entre elas. A proba levarase a cabo antes do almorzo e da cea respectivamente, e antes de tomar a medicación no caso de que estea indicada. -A determinación da presión arterial fóra da consulta é un complemento importante á medida dentro da mesma, aínda que



	esta última siga sendo a medición estándar para o cribado, o diagnóstico e o manexo da hipertensión arterial. -A presión arterial no domicilio é a media das lecturas, excluído o primeiro día de monitorización. -A interpretación dos resultados debe estar guiada polo médico.
Obxectivos de control	-Tensión arterial sistólica (TAS) ≥ 90 mmHg e < 135 mmHg -Tensión arterial diastólica (TAD) ≥ 60 mmHg e < 85 mmHg

1.3. Prazos

Prazo de resposta do profesional
No caso de que haxa algún parámetro fóra do rango de referencia, é importante que o profesional sanitario realice actuacións ao respecto nunha consulta programada.
Duración da prescripción de teleseguimento
A duración por defecto será a data de prescripción + 8 días, pero o prescriptor poderá modificar a data se así o considera.

1.4. Información para pacientes con indicacións clínicas de automedición da presión arterial

Automedición da presión arterial (AMPA)	As recomendacións para a automedición da presión arterial pódense localizar na páxina web fisterra.com , a través do seguinte enlace: http://www.fisterra.com/ayuda-en-consulta/informacion-para-pacientes/automedicion-presion-arterial-ampa/ .
--	--